

Buxa, Asociación Galega do Patrimonio Industrial

Lugar de A Revolta, Eirapedriña, 96

15895 Bugallido, Ames

A Coruña, Galicia, España

C.I.F.: G 70 179 122

T. 981 891 405

M. 670 063 279

E. asociacionbuxa@asociacionbuxa.com

URL: <https://www.asociacionbuxa.com>



Bases do Premio de Investigación Buxa 2023-2024

Con carácter bienal, **BUXA, ASOCIACIÓN GALEGA DO PATRIMONIO INDUSTRIAL**, convoca concurso para favorecer a divulgación do coñecemento da historia industrial de Galicia, consonte as seguintes bases.

Tema

Traballo de investigación sobre o patrimonio industrial de Galicia, que contribúa ao coñecemento da industria nas súas abas técnica, arqueolóxica, histórica, económica, sociolóxica, ambiental ou historiográfica.

Partícipes

Persoas físicas de calquera nacionalidade, que presenten, de maneira individual ou colectiva, unha ou máis obras orixinais, escritas en lingua galega, inéditas e que non tiveran obtido anteriormente outro premio ou recoñecemento público. A norma ortográfica empregada pode ser diferente da aprobada pola Real Academia Galega e admitiranse as escritas en calquera das variantes dialectais e ortográficas da lingua galega, respectando o particular modo de expresión de cada quen.

Presentación

O resultado do traballo presentarase en documento orixinal e tres copias (ou fotocopias sinxelas), mecanografado en papel de 80 g/m², tamaño A4 e orientado verticalmente, a simple espazo e por unha soa cara, con tipografía Times New Roman de 12 puntos. A obra, coas súas ilustracións, táboas e referencias bibliográficas terá unha extensión mínima de dez follas, e abranguerá un máximo de cincuenta follas, podéndose admitir ata cen de contar con xustificación suficiente.

Para revisión e eventual edición, os traballos presentaranse tamén en formato electrónico. Os arquivos de texto poderán ser *.doc (MSWord), ou *.odt (ODF). As ilustracións que acompañen ao traballo, para as que é recomendábel unha calidade mínima de impresión de 300 ppp, terán un formato electrónico matricial *.jpeg ou *.tif. O documento electrónico irá identificado co lema elixido para o traballo.

Cada traballo presentarase baixo un lema, que figurará tamén no exterior da plica. Na plica, que manterase pechada ata o fallo do xurado, se incluírán o nome, apelidos, enderezo, teléfono e correo electrónico da persoa responsable do traballo, así como o lema e o título do traballo realizado.

Na mención dos autores poderá engadirse a titulación académica, e a empresa ou institución á que pertencen. De se lo caso, farase mención das becas, axudas ou soporte financeiro co que se houbera contado para o desenvolvemento do traballo.

Entrega

Os traballos remitiranse a

Buxa, Asociación Galega do Patrimonio Industrial

Lugar de A Revolta, Eirapedriña, 96

15895 Bugallido, Ames

A Coruña, Galicia, España

Na presente convocatoria, a recepción dos traballos que se presenten a concurso rematará ás quince horas do vinte e nove de decembro do ano dous mil vinte e tres (29/12/2023 ás 15:00 horas).

Xurado

Estará constituído por catro persoas competentes no ámbito propio do concurso. A presidencia e a secretaría serán propostas por Buxa. A persoa responsable da secretaría terá voz, pero non voto.

A decisión do xurado será inapelable, e a súa composición farase pública coa comunicación da resolución do concurso.

Fallo

O fallo darase a coñecer na data límite do trinta de abril do ano dous mil vinte e catro.

Buxa, Asociación Galega do Patrimonio Industrial

Lugar de A Revolta, Eirapedriña, 96

15895 Bugallido, Ames

A Coruña, Galicia, España

C.I.F.: G 70 179 122

T. 981 891 405

M. 670 063 279

E. asociacionbuxa@asociacionbuxa.com

URL: <https://www.asociacionbuxa.com>



O concurso poderá ser declarado deserto no caso de que, ao xuízo do xurado, os traballos presentados non acadasen unha mínima calidade.

As obras rexeitadas polo xurado serán devoltas, por pedimento de quen as presentara, antes dun mes trala resolución do concurso, e serán destruídas transcorrido sen reclamación dito prazo.

Premio

Concederáse un único premio, dotado con mil cincocentos euros (1.500'00 EUR). O premio estará suxeito ás obrigas tributarias establecidas pola lexislación de aplicación.

Como contra prestación por cada traballo aceptado, os autores recibirán gratuitamente cinco exemplares da publicación na que se editen ditos traballos.

Publicación

Coas eventuais indicacións do xurado, tódolos traballos aceptados a concurso serán recollidos nun volume a editar por **BUXA, ASOCIACIÓN GALEGA DO PATRIMONIO INDUSTRIAL**, no prazo máximo dun ano tralo fallo. A tal fin, os autores cederán os dereitos correspondentes ao editor. Ademais, e de se lo caso, os autores deberán contar co permiso de publicación por parte da institución que financiara a investigación.

O sistema de citación dentro do texto do traballo será do tipo “autor-ano” (estilo APA7), incluíndoo nas referencias (a bibliografía é opcional). Nas referencias e bibliografía, ademais dos apelidos dos autores, procurará indicarse tamén o nome. As citas extraeranse dos documentos orixinais, indicando a páxina inicial e final do traballo do que proceden. Por mor da coherencia, no proceso editorial poderá requirirse dos autores a remisión da primeira páxina (fotocopia) de cada un dos artigos citados.

As ilustracións ou figuras (gráficos, fotografías, debuxos) levarán asignado un número arábigo consonte a súa aparición no texto, e virán identificadas co termo abreviado fig. seguido do seu número de orde. Os pes e lendas de cada unha virán igualmente identificados co número correspondente á ilustración. A autoría ou orixe da ilustración deberá citarse.

O texto nas ilustracións deberá ser visible ao axustarse ao formato de 50 mm de ancho (unha columna) ou 110 mm de ancho (dúas columnas), aceptándose tamén 170 mm (páxina enteira), presentando un bo contraste para que no perdan calidade coa redución.

En calquera caso, para a publicación, e consonte o parágrafo que está a seguir, deberá engadirse co traballo unha folla de identificación, transmisión dos dereitos de autor, e asunción de responsabilidade ante terceiros, asinada por tódalas persoas que houberan contribuído intelectualmente ao desenvolvemento da obra presentada ao concurso.

Cesión parcial e non exclusiva de dereitos de autor, e asunción de responsabilidade ante terceiros

Coa remisión do traballo para o concurso e, de se lo caso, a súa aceptación e posterior publicación, os autores do mesmo ceden de maneira non exclusiva a **BUXA, ASOCIACIÓN GALEGA DO PATRIMONIO INDUSTRIAL** os dereitos de comunicación pública, reprodución, distribución e venda para a súa explotación comercial, por un prazo de trinta anos e en calquera lingua e país.

Os autores afirman que o traballo é inédito e fanse responsables fronte a **BUXA, ASOCIACIÓN GALEGA DO PATRIMONIO INDUSTRIAL** da autoría e orixinalidade da súa obra, así como de tódalas cargas pecuniarias que puideran derivarse para **BUXA, ASOCIACIÓN GALEGA DO PATRIMONIO INDUSTRIAL** a favor de terceiros con motivo de accións, reclamacións ou conflitos derivados do incumprimento de obrigas por parte dos autores.

Final

A presentación ao concurso supón a aceptación polos concursantes das bases desta convocatoria.